

**IV. AXENCIAS PÚBLICAS
AUTONÓMICAS**

As Axencias públicas autonómicas aparecen recollidas na disposición adicional quinta do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, e as define como entidades instrumentais de dereito público, dotadas de personalidade xurídica pública, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, facultadas para exercer potestades administrativas. Son creadas polo Consello da Xunta para o cumprimento dos programas correspondentes ás políticas públicas que desenvolva a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito das súas competencias.

A creación das axencias públicas autonómicas require autorización por lei e prodúcese coa aprobación do seu estatuto por decreto do Consello da Xunta por proposta da Consellería de Economía e Facenda, logo da iniciativa da consellería competente por razón da materia.

A estrutura do orzamento das axencias públicas e a documentación que acompañará a este serán establecidas para os organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros e análogos e demais entes con orzamento de gastos limitativo. Os orzamentos das axencias públicas autonómicas terán carácter limitativo polo seu importe global e carácter estimativo para a distribución dos créditos en categorías económicas, agás os correspondentes a gastos de persoal, que en todo caso teñen carácter limitativo e vinculante pola súa contía total.

Axencia Galega das Industrias Culturais

A Agadic foi creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, co obxecto de impulsar e consolidar o tecido empresarial no sector cultural galego, cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables. Figura adscrita á Consellería de Cultura e Deporte.

A axencia substitúe o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), creado pola Lei 4/1989, do 21 de abril, co obxecto de mellorar o modelo organitativo do IGAEM e así adaptalo ás necesidades e aos retos da política cultural de Galicia. O campo de actuación da axencia engloba a

IV. Os orzamentos das axencias públicas autonómicas

totalidade das actividades culturais e artísticas prestados por creadores e creadoras individuais, empresas e industrias culturais, fronte ao sector específico do IGAEM, limitado ás artes escénicas e musicais, e que constituía un límite para o desenvolvemento dunha programación uniforme para o fomento das actividades artísticas e culturais.

Axencia Galega das Industrias Culturais

Ingresos		(Miles de euros)	
Capítulos	2009	Valor Relat.	
		2009	
IV	Transferencias correntes	4.349	29,9
V	Ingresos patrimoniais	500	3,4
VII	Transferencias de capital	9.705	66,7
TOTAL		14.555	100

Axencia Galega das Industrias Culturais

Gastos		(Miles de euros)	
Capítulos	2009	Valor Relat.	
		2009	
I	Gastos de persoal	2.339	16,1
II	Gastos en bens corrent. e servizos	1.492	10,3
IV	Transferencias correntes	1.018	7,0
VI	Investimentos reais	3.085	21,2
VII	Transferencias de capital	6.620	45,5
TOTAL		14.555	100
